

MINISTERIO PARA A TRANSFORMACION DIXITAL E DA FUNCIÓN PÚBLICA

Grupo traballo planificación dos recursos humanos da Administración do Estado

11/04/2024

O longo do mes de abril fomos convocados por Función Pública para unha “**falsa negociación**” dunha “orde ministerial” sobre Planificación Extratécnica dos RRHH da Admon do Estado que ligada o RD 6/23 son obrigacións que teñen que cumprir con Europa para a liberación de fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A CIG Admon do Estado, expuxemos as nosas propostas nas xuntanzas mantidas con Función Pública, nas que manifestamos que unha reforma de tanto calado debería sustentarse nunha “*lei da función pública*” que a día de hoxe non temos e que esta orde ministerial debería recoller elementos como a xubilación parcial, garantir a desaparición da tasa de reposición, regulación do teletraballo ou a xornada de de 35 horas, etc. que nin tan sequera menciona. Propuxemos unha serie de alegacións sobre texto proposto:

- Negociación sobre as áreas funcionales e catálogo de áreas.
- Que desapareza a posibilidade de limitacións a mobilidade.
- Eliminación do incentivo de permanencia máis alá da idade de xubilación.
- Determinación dos postos onde sexa requisito/mérito o coñecemento da lingua cooficial
- Eliminación da posibilidade de amortizar prazas que estiveran vacantes por un periodo superior a tres anos.
- Que recolla e garanta a desaparición da tasa de reposición de efectivos.

Función Pública non recolleu ningunha proposta de calado formuladas pola CIG e polo resto de sindicatos o Borrador da Orde Ministerial.

Hai un elemento recollido en varios artigos do borrador da orde ministerial sobre o que pivotará toda a planificación dos RRHH e que a día de hoxe está por definir, que é o concepto de **área funcional**. Este elemento de área Funcional condicionarán a carreira profesional, retribucións, formación, mobilidade, etc, e a administración está a adiar dun xeito intencionado o seu desenvolvemento, algo que non entendemos nin compartimos.

Esta orde ministerial non garante a negociación nin a participación sindical no deseño da planificación dos RRHH da “nova administración”. Todo o contrario menciona que antes de que finalice este ano regularanse as **Áreas Funcionais** so ca “previa consulta” as OOSS, algo que desde o Sindicato CIG non imos a aceptar.

Dende a CIG **NON podemos apoiar esta orde ministerial.**